



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO 29 DE SETEMBRO DE 2021

No día de hoxe, ás 10.00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión o extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba

M^a del Carmen Torreiro González

Aurora Varela Duro

Jesús Manuel Segade González

Rafael Rivadulla Varela

Jesús Gómez Camino

Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

NON ASISTE: Manuel Rodríguez Santos

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

1.PROPOSICIÓN APROBACIÓN PARTICIPACION 2ª FASE POS ADICIONAL 2/2021.

Acéptase por unanimidade a uxencia deste punto da orde do día sen ditaminar votando todos os concelleiros a favor .

A secretaria da lectura a proposta do alcalde de data 27/09/2021, cuxo contido é o seguinte:

Vista a circular sobre elaboración do POS+Adicional 2/2021 por maior achega da Deputación provincial da Coruña, de data xuño de 2021, na cal se indica.

2º FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 CON NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 2/2021 novos investimentos financeiramente sostibles deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, **ata o 1 de outubro de 2021**, a seguinte documentación:

ACORDO DE APROBACIÓN Convocatoria POS+AD2b- SOLICITUDE 2021 O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello solicitando a inclusión neste Plan Adicional dos novos investimentos, segundo o modelo que figura na plataforma Subtel. O acordo deberá indicar a denominación dos novos investimentos financeiramente sostibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar algunha achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento

PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN Convocatoria POS+AD2b- OBRASSUM 2021 Dado que se trata de novos investimentos, o concello deberá subir á plataforma Subtel os documentos esixidos nas Bases reguladoras do POS+ 2021 para os investimentos financeiramente sostibles, que son os que a continuación se indican, utilizando os Anexos que figuran na plataforma Subtel:

- Proxecto técnico da obra ou prego da subministración
- Anexo V: informe técnico sobre o investimento
- Anexo VI: Informe técnico – xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos -
- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible
- Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o investimento financeiramente sostible Para o caso de que proceda, deberán subirse ademais os seguintes documentos:

- Anexo IX: Certificación do acordo ou resolución relativo á non división en lotes.
- Anexo X: Informe sobre investimentos relativos ao ciclo da auga.

Advirte a Secretaría do contido dos artigos 147 e 144.4 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia

Proponse previa aceptación da urxencia deste punto sen dictaminar na orde do día motivada na necesaria remisión de certificación deste acordo nos prazos indicados na circular , a adopción deste **ACORDO**:

- 1.- “Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO DE CRUCE DE VILLANTIME A VILAR DE MAROXO E OUTRO	48.380,02	19,98	48.400
TOTAL	48.380,02	19,98	48.400

Maior achega provincial asignada ao concello	372.734,97
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	324.354,95
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	48.380,02

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, sendo necesaria a tramitación de comunicacion previa a augas de Galicia e autorización sectorial patrimonio segundo informe dos servizos técnicos municipais para a execución deste investimento, estando pendente polo tanto a autorizacións administrativas legalmente necesarias.

(advirte a Secretaría da imposibilidade de aprobar proxectos municipais sen obter previamente autorizacións sectoriais necesarias como sinala a normativa urbanística)

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Interveñen:

- A concelleira do BNG, Lucia López Sobrado, para indicar:
 - Que entenden que estas obras son necesarias, igual que calquera outras pistas do concello, porque o estado das pistas en xeral é lamentable.
 - Que quere deixar constancia do retraso nas obras vinculadas o POS, porque hai obras pendentes de executar desde o POS 2018, iso denota que hai algunha anomalía no que se refire a execución de obras neste concello, e quería que lle aclarase o goberno municipal cando ten pensado sacar todo iso adiante, se van a esperar a 2 meses antes das eleccións ou que pensan facer, porque é bastante chamativa esta situación.
 - Que votaran a favor, porque non van facer diferencias entre veciños/veciñas, entenden que o estado desas pistas non é bo e necesitan repararse, igual que moitas outras.
- O concelleiro do PP, Rafael Rivadulla Varela, para manifestar:
 - Que como é unha cuestión que se trae a pleno e non teñen decisión ningunha sobre que investimento realizar, e cales darlles prioridade e cales non.
 - Que neste punto van absterse, aínda que lles parece positivo.
 - Que como xa teñen comentado mais veces o sistema de mantemento da vías e bastante malo, cren que unha maior programación e mantemento, evitarían degradacións que se producen nas vías de Arzúa, cun maior mantemento seguramente se aforrarián cartos.
 - Que non entenden como se trae este asunto o pleno sen pasar por comisión, porque a circular da diputación xa estaba feita o 25 de xuño, o proxecto está asinado o 13 de xullo, e sen embargo ata agora non houbo informe técnico, e non sabe se se debe a algo que se lles escapa, ¿Hai algo que o xustifique?
- Contesta o alcalde:
 - Con respecto o retraso de obras do POS, está cansado de explicar a razón, que foi a baixa dun ano do persoal que se adica a iso o que fixo que se acumularan os expedientes.
 - Que se pensa contratar antes das vindeiras eleccións, intentará contratar cando poida, agora hai varios expedientes pendentes e doulle prioridade a obra de pavimentación en

Ribadiso, polos prazos que teñen para executala. Insta o PP, xa que se queixa do ritmo que levan as cousas no concello, para que faga a mediación necesaria coa Axencia de Turismo para que nos deixen rematar esa obra para o ano que ven, porque ata agora deronnos unha ampliación e ten que estar xustificada, certificada e rematada o 23 de decembro de 2021, e debido o retraso co permiso de Augas de Galicia, os prazos son bastantes xustos e a adxudicación está dando bastantes problemas.

- Respecto o indicado polo Partido Popular, a intención do goberno en canto poida e así estaba nos orzamentos, é sacar uns pregos para contratar unha empresa que leve o mantemento das pistas, polo menos o bacheo cando sexa necesario. Había uns 70.000 euros para iso que seguramente se gasten en bachear, porque non houbo posibilidade de sacar eses pregos.
- Tema de prazos e porque non se fixeron convocatorias, non sabe se tivo en conta a época na que estaban e se ten en conta as vacacións do persoal do concello.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación esta proposta, por 8 votos a favor (5 votos a favor dos concelleiros/as AxA, 1 concelleira do PsdG-PSOE, 2 dos concelleiros/as do BNG) e 4 abstencións (3 dos concelleiros/as PP e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno **ACORDOU**:

PRIMEIRO .-Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO DE CRUCE DE VILLANTIME A VILAR DE MAROXO E OUTRO	48.380,02	19,98	48.400
TOTAL	48.380,02	19,98	48.400

Mayor achega provincial asignada ao concello	372.734,97
Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase	324.354,95



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	48.380,02
---	-----------

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, sendo necesaria a tramitación de comunicación previa a augas de Galicia e autorización sectorial patrimonio segundo informe dos servizos técnicos municipais para a execución deste investimento, estando pendente polo tanto a autorizacións administrativas legalmente necesarias.

TERCEIRO.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SETIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2.PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2020

A secretaria da lectura a proposta de data 24/09/2021, cuxo contido é o seguinte:

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2020, integrada polas Contas e Estados a que fai referencia o artigo 209.1 del RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e procedendo a convocar a Comisión Especial de Contas para o día 23 de agosto de 2021, constando incorporado ao expediente a acta da dita sesión na que se acorda dictaminar favorablemente .

Tras a exposición ao público da documentación referida, polo prazo de 15 días hábiles, non consta que se teña presentado escrito, reparos ou observacións á mesma, aínda que se fai constar que a petición do portavoz do Grupo Municipal do PP, faise constar aclaración sobre o dato da



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

memoria no que se fai referencia a que o Concello de Arzúa conta con 21 parroquias, en realidade son 22, tendo en conta o casco urbano de Arzúa e igualmente se aporta aclaración do dato de dereitos recoñecidos en diferentes conceptos de gastos. Tamén consta informe da Intervención Municipal, acompañando ao expediente, no que deixa constancia da necesidade de depurar saldos contables de determinados conceptos de pechados.

Aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 212.4 do TRLFL, a aprobación da conta sométese ao Pleno da Corporación Municipal, polo tanto,

PROPONSE ,

PRIMEIRO: Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio 2020.

SEGUNDO : Efectuar rendición da mesma ao Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5

Non habendo intervencións neste punto o Sr. alcalde someteu a votación esta proposta, que por maioría de 6 votos é aprobada ((5 votos a favor dos concelleiros/as AxX , 1 concelleira do PsdG-PSOE,) e con 6 abstencións 2 dos concelleiros /as do BNG, 3 dos concelleiros/as PP e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO: Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio 2020.

SEGUNDO : Efectuar rendición da mesma ao Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5

3. PROPOSICIÓN APROBACIÓN CONVENIO OBRADOIRO DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO, SANTISO.

Aceptase por unanimidade a urxencia do tratamento deste punto sen ditaminar na orde do día votando a favor tódolos/as concelleiros/as presentes.

Vista a proposta do alcalde de data 23/09/2021, cuxo contido é o seguinte:

Visto expediente TEDEC**2021/A008/000041** - solicitude subvención Consellería Emprego e Igualdade Obradoiro Dual de Emprego xunto con Santiso e Boimorto .

Visto que en data 10/9/2021 con rexistro de entrada 1317 comunícase o Concello de Arzúa a concesión de subvención pola Xunta de Galicia Consellería de Emprego e Igualdade expediente 15/0026/2021.

Visto que o artigo 18.1c)Orde de 31 de decembro (DOG 3/2/2021 nº 22) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención para os obradoiros duais de emprego da



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Comunidade Autónoma de Galicia indica, que xunto coa solicitude de subvención os concellos se procede deben presentar unha certificación de convenio de colaboración asinado entre eles, sen que dito convenio fose aprobado polos órganos municipais competentes no momento da solicitude de subvención e téndose remitido únicamente un borrador de convenio.

Considerando a necesidade de dito convenio de tramitación plenaria (artigo 47.2h da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do réxime local en relación co artigo 22.2p) da mesma Lei por conlevar a transferencia de funcións e actividades ó Concello de Arzúa que actúa como entidade promotora, e a necesaria aceptación de ditas delegacións e encomendas de xestión realizadas polos Concellos de Boimorto e de Santiso unha vez aprobado o proxecto de obradoiro como consta en documentación remitida xunto coa solicitude de subvención polos tres Concellos dándose unha encomenda de xestión regulada no artigo 11 da Lei 40/2015 de 15 de outubro que sinala:

Artículo 11 Encomiendas de gestión

1. La realización de actividades de carácter material o técnico de la competencia de los órganos administrativos o de las Entidades de Derecho Público podrá ser encomendada a otros órganos o Entidades de Derecho Público de la misma o de distinta Administración, siempre que entre sus competencias estén esas actividades, por razones de eficacia o cuando no se posean los medios técnicos idóneos para su desempeño.

Las encomiendas de gestión no podrán tener por objeto prestaciones propias de los contratos regulados en la legislación de contratos del sector público. En tal caso, su naturaleza y régimen jurídico se ajustará a lo previsto en ésta.

2. La encomienda de gestión no supone cesión de la titularidad de la competencia ni de los elementos sustantivos de su ejercicio, siendo responsabilidad del órgano o Entidad encomendante dictar cuantos actos o resoluciones de carácter jurídico den soporte o en los que se integre la concreta actividad material objeto de encomienda.

En todo caso, la Entidad u órgano encomendado tendrá la condición de encargado del tratamiento de los datos de carácter personal a los que pudiera tener acceso en ejecución de la encomienda de gestión, siéndole de aplicación lo dispuesto en la normativa de protección de datos de carácter personal.

3. La formalización de las encomiendas de gestión se ajustará a las siguientes reglas:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

•a) Cuando la encomienda de gestión se realice entre órganos administrativos o Entidades de Derecho Público pertenecientes a la misma Administración deberá formalizarse en los términos que establezca su normativa propia y, en su defecto, por acuerdo expreso de los órganos o Entidades de Derecho Público intervinientes. En todo caso, el instrumento de formalización de la encomienda de gestión y su resolución deberá ser publicada, para su eficacia, en el Boletín Oficial del Estado, en el Boletín oficial de la Comunidad Autónoma o en el de la Provincia, según la Administración a que pertenezca el órgano encomendante.

Cada Administración podrá regular los requisitos necesarios para la validez de tales acuerdos que incluirán, al menos, expresa mención de la actividad o actividades a las que afecten, el plazo de vigencia y la naturaleza y alcance de la gestión encomendada.

•b) Cuando la encomienda de gestión se realice entre órganos y Entidades de Derecho Público de distintas Administraciones se formalizará mediante firma del correspondiente convenio entre ellas, que deberá ser publicado en el «Boletín Oficial del Estado», en el Boletín oficial de la Comunidad Autónoma o en el de la Provincia, según la Administración a que pertenezca el órgano encomendante, salvo en el supuesto de la gestión ordinaria de los servicios de las Comunidades Autónomas por las Diputaciones Provinciales o en su caso Cabildos o Consejos insulares, que se regirá por la legislación de Régimen Local.

Quere propoñerse ó Pleno municipal a adopción deste ACORDO:

Visto que en data 10/9/2021 con rexitro de entrada 1317 comunícase o Concello de Arzúa a concesión de subvención pola Xunta de Galicia Consellería de Emprego e Igualdade expediente 15/0026/2021.

Vista proposta de Convenio de colaboración anexo que regula as relacións, gastos e réxime xurídico da colbaroación para execución conxunta polos Concellos de Arzúa (promotor) Boimorto e Santiso do Obradoiro Dual de emprego subvencionado .

Proponse que se acepte por urxencia o tratamento deste punto sen ditaminar na orde do día do Pleno sendo necesario o inicio o 15/10/2021 do Obradoiro e polo tanto urxente a adopción deste acordo .

Vistos os informes de Secretaría e intervención de datas que constan no expediente .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Propoño que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Aprobar Convenio de colaboración anexo o presente acordo que regula encomenda de xestión ó concello de Arzúa e réxime xurídico da colaboración para execución polos Concellos de Arzúa (promotor) Boimorto e Santiso do Obradoiro Dual de emprego subvencionado .pola Xunta de Galicia para anualidades 2021/2022 o amparo da Orde de 31 de decembro (DOG 3/2/2021 nº 22) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención para os obradoiros duasi de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa indicada no mesmo.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo remítase os concellos de Boimorto e Santiso así como a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA- BOIMORTO-SANTISO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 2021/2022

En Arzúa, a de de 2021

Dunha parte, o Concello de Arzúa con CIF P1500600J, e no seu nome e representación D. Jose Luís García López, con DNI 33268864P, en calidade de alcalde-presidente.

Doutra parte, o Concello de Santiso con CIF P1508000E, e no seu nome e representación D. Manuel Adán López, con DNI 33291718T, en calidade de alcalde-presidente.

Doutra parte, o Concello de Boimorto, con CIF P1501000B, e no seu nome e representación Dna. María Jesús Novo Gómez, con DNI 44814623C, en calidade de alcaldesa-presidenta.

EXPOÑEN

«Visto que os obradoiros de emprego concíbense como programas de carácter temporal,



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

mixtos de formación e emprego, enmarcados nas políticas activas de emprego, dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de 18 anos ou máis anos, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, co obxectivo final de favorecer a inserción laboral das persoas participantes.

Sendo necesaria unha regulación da encomenda de xestión e relacións de colaboración entre o CONCELLO DE ARZÚA, CONCELLO DE SANTISO e CONCELLO DE BOIMORTO, coa única finalidade de execución do PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO, que é subvencionado pola Consellería de emprego e igualdade ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 20214 (DOG nº 22 do 3/02/2021)

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no mesmo artigo. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. Nas seguintes materias:

- •e) Evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Autónoma nas seguintes materias;

p) La participación en la formación de activos y desempleados.

E fundamento nomativo deste convenio para exercicio de competencias en promoción de emprego o artigo 3.3d) da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decmbro de racionalización e sostenibilidade da Administración local que sinala :

Artículo 3 Competencias de las entidades locales distintas de las propias y de las atribuidas por delegación

3. En particular, no se entenderá como exercicio de novas competencias

- d) La concurrencia a convocatorias de subvenciones o ayudas, así como la formalización de convenios de colaboración de concesión de subvenciones, para que las entidades locales realicen con carácter coyuntural actividades de información, de asesoramiento, de orientación, de mejora de la empleabilidad y formativas, y otras actividades que no supongan la creación de nuevos servicios municipales de acuerdo con el [artículo 297 de la Ley 5/1997](#). Tampoco se entenderá como ejercicio de nuevas competencias la realización de las actividades citadas una vez obtenida la subvención.

Segundo.-

A lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público fai unha regulación da encomenda de xestión no seu artigo 11 e da cooperación entre administracións pública nos artigos 143 e seguintes indicando o artigo 144.2 :

2. En los convenios y acuerdos en los que se formalice la cooperación se preverán las condiciones y compromisos que asumen las partes que los suscriben.

E regula esta mesma lei os convenios nos artigos 47 e seguintes réxime xurídico aplicable á tramitación vixencia e aplicación deste convenio.

A lei 7/1985 de 2 de abril indica no seu artigo 10:

1. La Administración local y las demás Administraciones públicas ajustarán sus relaciones recíprocas a los deberes de información mutua, colaboración, coordinación y respeto a los ámbitos

O artigo 195. H) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, dispón que a colaboración e cooperación poderase levar a cabo mediante a subscripción de convenios.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

O artigo 198 da Lei 5/1197, de administración local de Galicia, establecen entre outros aspectos que as entidades locais poden celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. A través destes convenios, as entidades locais poden executar puntualmente obras ou servizos de competencia dunha parte, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, deben impulsarse medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e potenciar sempre que resulte posible a xestión compartida das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, en canto á súa posta en funcionamento e en canto a súa xestión, o que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Ante o incremento do desemprego e crise derivada da Pandemia COVID a colaboración entre administracións locais proposta neste Convenio para actuación do Obradoiro dual de emprego financiado pola Xunta de Galicia o amparo da Orde do 31 de decembro de 2020 que establece bases de axudas para obradoiros duais de emprego desta CCAA DOG 22 de 3/2/2021, é clave para atender a ditas necesidades de formación e promoción de emprego así como atención a especiais situacións de exclusión social.

Cuarto.- Sendo necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños e veciñas, sendo preciso neste momento de acentuada crise polos efectos da pandemia, realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, para paliar as nefastas consecuencias sociais derivadas da COVID 2019 tendo en conta que os obradoiros de emprego son programas de carácter temporal, mixtos de formación e emprego, enmarcados nas políticas activas de emprego, dirixidos a mellorar a



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

ocupabilidade das persoas desempregadas de 18 anos ou máis anos, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, co obxectivo final de favorecer a inserción laboral das persoas participantes

Quinto.- Neste sentido, compre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan que o impacto da crise sexa menor e se promova o emprego e formación nos seus termos municipais .

Sexto.- Tanto a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, como a Lei 5/1997, de administración local de Galicia como a Lei 40/2015 de 15 de outubro de réxime xurídico do sector público recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración inter-administrativa.

Sétimo.- Para a execución da subvención outorgada (reolución anexo 1 o presente convenio) formalizase este convenio, baixo a modalidade de agrupación de concellos, beneficiarios da subvención regulando os compromisos asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, . Será Concello promotor o Concello de Arzúa que actuará como representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención.

Oitavo.- Por todo o anterior, os concellos asinantes ACORDAN mediante o presente convenio intrumentar unha encomenda de xestión e colaboración no PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO baixo as seguintes cláusulas

CLAÚSULAS

Primeiro.- OBXECTO

Regulación de colaboración entre entre o CONCELLO DE ARZÚA, CONCELLO DE SANTISO e CONCELLO DE BOIMORTO, e encomenda de xestión ó Concello de Arzúa coa única finalidade de realizar o DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 20214 (DOG nº 22 do 3/02/2021)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Os concellos integrantes asumen o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención que se outorgue ao abeiro de dito convenio así como solidaridade no caso de reintegro de subvención , gastos non previstos .. na proporción establecida nas seguintes cláusulas .

Segunda.- ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS

O ámbito territorial abrangue os respectivos termos municipais de ARZÚA, SANTISO e BOIMORTO para a posta en funcionamento dun obradoiro dual de emprego da seguinte especialidade formativa:

ESPECIALIDADE: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría.

CÓDIGO: AGAO0108

DURACIÓN: 9 meses

Nº ALUMNOS-TRABALLADORES: 20

No procedemento de selección e contratación das persoas que forma parte do proxecto participarán de forma conxunta os tres concellos.

Terceira.- DESIGNACIÓN DO CONCELLO PROMOTOR

Desígnase ao Concello de ARZÚA como Concello promotor e xestor das tramitacións necesarias relacionadas coa solicitude de subvención encomendando a xestión do Obradoiro e realización de todas as actuacións indicadas na orde reguladora da subvención.

Esta designación suporá a asunción por parte do Concello de Arzúa das tramitacións administrativas seguintes:

- Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante a Consellería de Emprego e Igualdade .
- Xustificación posterior do proxecto DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO

Os Concellos implicados neste convenio seguen conservando as súas competencias de conformidade coa lexislación vixente e, facultan ao Concello de Arzúa para a realización das actuacións previstas neste convenio que se teñen que realizar en nome e representación dos tres



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

entes municipais implicados e expostos nesta cláusula.

Cuarta.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE ARZÚA COMO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN E COMO ENTIDADE PARTICIPANTE

Coa sinatura do presente Convenio de colaboración o Concello de Arzúa asumirá os compromisos seguinte:

1. O Concello de Arzúa será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida relacionados coa tramitación e seguimento de expediente de subvención ante a Consellería de Emprego e Igualdade e xustificación posterior do proxecto de actuación.
2. Facúltase á Alcaldía de Arzúa para que represente aos concellos integrantes da agrupación tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación da actuación prevista.
3. Asumir todas as condicións e prescricións contidas na resolución de concesión da subvención..
4. Así mesmo, o Concello de Arzúa, comprométese a facilitar, se é o caso, aos Concello de Boimorto e Santiso, cando así o solicite, toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se estea a tramitar como representante da agrupación.
5. O Concello de Arzúa asume, conxuntamente cos Concellos de Santiso e Boimorto, a participación no grupo de traballo mixto do procedemento de selección e contratación das persoas que formarán parte do proxecto subvencionado. Os gastos salariais e de seguridade social derivados da contratación das persoas participantes do proxecto serán asumidos polo Concello de Arzúa con cargo á subvención outorgada e á aportación solidaria de cada un dos concellos ao proxecto.

Quinta.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLOS CONCELLOS DE SANTISO E BOIMORTO.

Coa sinatura do presente Convenio os Concellos de Santiso e Boimorto asumirán os seguintes compromisos:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

1. Con respecto á tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención, facilitará toda a documentación esixida na normativa reguladora da subvención e adoptará os acordos que sexan necesarios para garantir que o Concello de Arzúa poida xustificar e tramitar a subvención en nome dos entes municipais implicados.
2. Asumir todas as condicións e prescricións da normativa que instrumenta a subvención.
3. Os Concellos de Santiso e Boimorto obríganse ao pagamento ao Concello de Arzúa ao 33.33% cada un, da parte non financiada pola Consellería de Emprego e Igualdade , de tal xeito que os tres concellos asumen o gasto non subvencionado a partes iguais dotando nos seus orzamentos para o exercicio 2021 e 2022 os créditos para as aportacións que corresponda realizar vistas as programacións das actividades subvencionadas a realizar . (ver Anexo 2 memoria económica gastos)

Sexta.- APORTACIÓN MUNICIPAIS AO PROXECTO

O concello de Arzúa, Santiso e Boimorto deberán financiar a parte non subvencionada pola Consellería de Emprego Anexo 3 aportando de maneira individual e con cargo aos fondos propios dos seus respectivos orzamentos, a cantidade correspondente ao 33.33% da parte non subvencionada.

As achegas municipais financiaranse, como xa se expuxo, con fondos propios.

Sétima.- RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO

O Concello de Arzúa, como entidade xestora promotora , asumirá a totalidade dos gastos derivados do proxecto OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO que sexan realizados.

Os concellos de Santiso e Boimorto rocederán a atransferir os importes que deriven da súa aportación o Concello de Arzúa directamene , previa xustificación polo director/a do obradoiro dos gastos realziados non financiados pola Consellería de Emprego e Igualdade na proporción indicada na cláusula quinta.

A subvención ou a axuda concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade para o proxecto subvencionado será ingresada na súa totalidade ao Concello de Arzúa.

Oitava.- INNECESARIEDADE DUNHA ORGANIZACIÓN PARA A XESTIÓN

A xestión das obrigas deste convenio non require a creación dunha organización de carácter



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

xurídico para a súa xestión .

Nas bases reguladoras de selección do alumnado , administrativo, director e profesores si se regulará a composición dun grupo de traballo responsable da selección .

Novena.- INTEPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto respetando o establecido nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

En todo aquilo non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente ao convenio regulador da subvención.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas substancianse na orde xurisdiccional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio as indicadas no artigo 41 da Lei 40/2015 de 15 de outubro e concretamente :

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumplimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumplimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si mesma é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Décima.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor dende o días seguinte o da súa sinatura estando vixente durante o prazo establecido nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así o outorgan en data das sinaturas, subscribindo o presente convenio.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

O alcalde de Arzúa: Jose Luís García López

A alcaldesa de Boimorto: María Jesús Novo Gómez

O alcalde de Santiso: Manuel Adán López

ANEXO 1 CONCESIÓN SUBVENCIÓN

Examinada a solicitude achegada o **03-03-2021**, por don **José Luís García López**, en nome e representación da entidade **Concello de Arzúa** (NIF núm. **P1500600J**) xunto co **Concello de Santiso e o Concello de Boimorto**, coa finalidade de obter unha subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "**OBRAOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO**" emítese esta resolución tendo en conta os seguintes

Primeiro.

Con data do **03-03-2021**, e dentro do prazo establecido para este efecto, don José Luís García López, en nome e representación da entidade **Concello de Arzúa** achega unha solicitude de subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "**OBRAOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO**". Xunto coa devandita solicitude, achégase a documentación esixida para os proxectos de obradoiro de emprego pola Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (*DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021*)



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Segundo.

O día 2 de xullo do 2021 tivo lugar a sesión da Comisión Central de Valoración que avalia as solicitudes de subvencións para a posta en funcionamento de proxectos de obradoiros duais de emprego, segundo o establecido no artigo 23 da antedita orde.

Terceiro.

Con data do 26 de agosto de 2021, o Servizo de Formación e Colocación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade na Coruña, emitiu a correspondente proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 26 da referida orde.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.

A competencia para ditar a presente resolución vén dada polo disposto no artigo 26 en relación coa disposición adicional segunda da Orde do 31 de decembro 2020 xa referida.

Segundo.

Na tramitación do procedemento seguíronse as prescricións establecidas pola normativa que a continuación se relaciona:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2009).



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003).
- Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (*DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021*).

Terceiro.

A entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos pola citada Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 31 de decembro de 2020.

Cuarto.

Tendo en consideración os criterios de valoración previstos no artigo 24 da referida orde, a documentación que integra o expediente, a tipoloxía e características do proxecto examinado así como a puntuación e o contido do informe técnico emitido pola respectiva xefa territorial, xunto coas disponibilidades orzamentarias e a súa distribución territorial, outorgouse ao proxecto examinado unha puntuación de **21,00** puntos, polo que a Comisión Central de Valoración informou favorablemente a concesión á devandita entidade dunha subvención polo importe de **trescentos corenta e seis mil novecentos corenta e seis euros (346.946,00 euros)** coa referida finalidade, para **20** alumnos/as-traballadores/as, e cunha duración de **9** meses e **3.000,00** euros para **2** incentivos á contratación. Á vista do anterior, o Servizo de Formación e Colocación desta xefatura territorial emitiu a proposta de resolución favorable á concesión da referida subvención.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta xefa territorial,

RESOLVE:

Primeiro.- Outorgar unha subvención ao **Concello de Arzúa**, polo importe de **trescentos corenta e seis mil novecentos corenta e seis euros (346.946,00 euros)**, con cargo ao orzamento da Consellería de Emprego e Igualdade para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do **obradoiro dual de emprego** denominado **"OBRADOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-**

SANTISO para 20 alumnos/as traballadores/as, distribuídos nas especialidades formativas segundo o detalle que figura no anexo a esta resolución.

Así mesmo concédesele **3.000,00 euros** para 2 incentivos á contratación laboral segundo figura no anexo a esta resolución.

Segundo.- Autorizar como obxectos de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto:

- 1.- Actuación na área recreativa de Ribadiso (Arzúa)
- 2.- Actuación en Ángeles (Boimorto)
- 3.- Actuación en Cheda (Boimorto)
- 4.- Actuación en Lagoa Baluca (Boimorto)
- 5.- Actuación en invernadoiro (Boimorto)
- 6.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Rairiz (Santiso)
- 7.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Agro do Chao (Santiso)
- 8.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en A Cornella (Santiso)
- 9.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Visantoña. (Santiso)
- 10.- Colocación de paneis de ocultación de contenedores (Santiso)

Terceiro.- Esta resolución non exime á entidade beneficiaria desta subvención de obter as autorizacións administrativas que resulten necesarias para a execución das obras obxecto de actuación.

Cuarto.- Declarar que o importe da subvención ten o carácter de estimado, e as cantidades efectivas a aboar na fase do proxecto, estará en función da contía do salario mínimo interprofesional e das cotas patronais á Seguridade Social, vixentes cada ano, así como do número de alumnos/as-traballadores/as que participen no proxecto.

Quinto.- O aboamento das cantidades a subvencionar nos seguintes exercicios orzamentarios queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia nos respectivos exercicios.

Sexto.- Notifíquese este acto ao/á solicitante, informándolle que:

- a) Para os efectos de difusión pública, e seguindo as previsións contidas na normativa aplicable, deberá identificar convenientemente as



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

actividades, obras e servizos que desenvolva o proxecto subvencionado, especialmente a través de publicidade estática realizada por medio de vallas, carteis ou paneis que, colocados en lugar visible.

b) Queda sometida ao cumprimento das obrigas establecidas pola regulamentación antes citada e pola normativa de seguridade e saúde no traballo, ás actuacións de comprobación e control previstas na lexislación de réxime financeiro e orzamentario en relación coa subvención concedida, e ás que poida efectuar a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

c) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada perante o órgano xurisdiccional competente da orde contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con anterioridade á interposición do devandito recurso contencioso-administrativo, poderá interpor potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou este acto administrativo de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todo o anterior é sen prexuízo de que poida facer uso do requirimento previo ao que alude o artigo 44 da dita Lei 29/1998 ou de interpoñer aqueles outros recursos que estime oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses.

A xefa territorial

Judit Fontela Baró

ANEXO 2 DATOS ECONÓMICOS

ANEXO Á RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Núm. de expediente²: **15/0026/2021**

Denominación do obradoiro de emprego: **"OBRADOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO"**

Entidade promotora: (3): **Concello de Arzúa (NIF núm. P1500600J)** xunto co **Concello de Santiso e o Concello de Boimorto**.

Aplicación orzamentaria: **11.05.322A.460.2 e 11.05.322A.460.1**

1.- Subvención concedida: **trescentos corenta e seis mil novecentos corenta e seis euros (346.946,00 euros).**

1.1.-Subvención por anualidades:

Anualidade	Importe
2021	138.778,40 €
2022	208.167,60 €

1.2.- Subvención para gastos de formación e funcionamento:

Datas previstas		Núm. alumnos/as-traballadores	Núm. horas	Importe módulo A	Importe módulo B	Total
Inicio	Remate					
10-2021	14-07-2022	20	1440	98.496,00 €	27.072,00 €	125.568,00 €

1.3.- Subvención para gastos salariais de alumnos/as-traballadores/as participantes:

Núm.contratos	Total subvención
20	221.378,00 €

1.4. Subvención, se é o caso, para incentivos á contratación laboral:

Datas previstas		Número contratos	Importe subvención
Inicio	Remate		
29-07-2022	28-10-2022	2	3.000,00 €

2.- Número de alumnos/as-traballadores/as especialidades:

Código	Especialidade	Núm. Alumnos/as-traballadores/as
AGAO0108	ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDINS E CENTROS DE XARDINARIA	20
		20

3.- Outras condicións:

XUNTA DE GALICIA ANEXO III
CONSELERÍA DE EMPREGO E QUALIFICACIÓN (continuación)

5. PLAN DE FORMACIÓN (continuación)
5.1. FORMACIÓN COMPLEMENTARI
ACCIÓN TERAPIA
ALFABECER DOCUMENTO ANEXO
Módulo (paralelo)
14

6. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO
6.1. ORZAMENTO DE GASTOS DO ORZAMENTO REAL DE EMPREGO

CONCEPTO	IMPORTE
A) Contratación personal directivo, docente e de apoio:	
- Saldo e salarios:	
Directiva	16224,87
Personal docente	30080,54
Personal administrativo	14961,84
Outros	13324,24
TOTAL	74591,51
- Cota personal Suplemento Social:	
Directiva	5234,12
Personal docente	9274,14
Personal administrativo	4786,13
Outros	6044,4
TOTAL	25438,79
TOTAL A)	100030,30
B) Contratación a tempo parcial/interinos/as:	
- Saldo e salarios:	
	199920
- Cota personal Suplemento Social:	
	21879
TOTAL B)	221799
C) Gastos de funcionamento e materiais:	
Medios electrónicos	567
Materiais de consumo-formación	11.008
Materiais de oficina	2000
Gastos varios (comunicación, transportes, etc.)	7815,31
Amortizacións (*)	0
Póliza de responsabilidade (IRL)	1391,30
Outros	19146,02
TOTAL C)	42929,63
TOTAL TOTAL	362859,72

10) Para efectos de cálculo dos incentivos debe usarse o valor 1.000.

6.2. IMPORTE DOS INCENTIVOS A CONTRATACIÓN SOLICITADO

IMPORTE UNITARIO	NÚMERO DE INCENTIVOS	IMPORTE TOTAL
1.000		

RESUMO CUSTOS E FINANCIACIÓN POR ANUALIDADES

	ANUALIDADE 2021 (DO 15/02/21 Ó 31/12/21)			ANUALIDADE 2022 (DO 01/01/22 Ó 14/07/22)			RESUMO POR ANUALIDADES		
	CUSTOS	IMPORTE	APORT. CONCELLOS	CUSTOS	IMPORTE	APORT. CONCELLOS	CUSTOS	IMPORTE	APORT. CONCELLOS
PERSONAL DOCENTE	28.047,38	27.263,02	3.567,38	78.868,42	77.126,59	4.732,81	36.700,06	36.121,17	1.581,88
ALUMNOS	67.781,17	67.781,17	0,00	160.876,00	160.579,03	0,00	236.432,88	235.713,00	4.722,81
TOTAL	95.828,55	95.044,19	3.567,38	239.744,42	237.705,62	4.732,81	273.132,94	271.834,17	6.304,89

RESUMO FINANCIACIÓN POR MÓDULOS E ANUALIDADES

MÓDULO	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022	TOTAL
A PERSONAL	27.263,02	77.126,59	104.389,61
B ALUMNOS	67.781,17	160.579,03	228.360,20
TOTAL	95.044,19	237.705,62	332.749,81

Deseguido procedese a votar a urxencia de tratar agora este punto, votando todos a favor .
Tendo todos os concelleiros o contido de dito convenio.

Interveñen;

- A concelleira do PSdeG-PSoE, Begoña Balado Conde, para indicar:
 - Que cren que é moi importante, foi unha iniciativa do Concello de Arzúa, que é moi beneficioso para os tres concellos, pero sobre todo para Arzúa.
- A concelleira do BNG, Lucia López Sobrado, indicou:
 - Que non van discutir a necesidade deste obradoiro, seguramente farian falta moitos mais coma este.
 - Que resulta chocante que esten aprobando hoxe este convenio e que as bases xa estean

publicadas e que xa fora anunciado na prensa, xa fora publicado no taboleiro de anuncios do concello, cren que isto pode xerar inseguridade xurídica nas persoas que sexan beneficiarias deste obradoiro, e bastante chocante e o correcto sería facelo doutra maneira.

- Pola documentación que lles chegou saben que o 10 de setembro, recibíuse comunicación de que se concedía esa subvención, entenden que entre o 10 de setembro e a data de hoxe, se podían ter feito as cousas antes, para non chegar a aprobación do convenio tendo xa todo o resto feito antes.
- Chama tamen a atención vendo as bases que se publicaron o 27 de setembro, que o concello de Arzúa é o que máis alumnos vaia ter, sexa quen menos actuacións propón nesas bases, fronte as 5 de Santiso e as 4 de Boimorto o concello de Arzúa só propón actuar en Ribadiso.
- A concelleira do PSdeG-PSOE dixo que era beneficioso para Arzúa, pero a vista disto parece que non se lle vai sacar moito rendemento, non tanto como os outros concellos que forman parte deste convenio.
- Quedan a espera das aclaracións do Goberno municipal, porque a intervención do pleno neste tema tomase bastante a cachondeo, tendo en conta o que explicou o comezo.
 - O concelleiro do PP, Rafael Rivadulla Varela, para expoñer:
- Que igual que pasou no punto primeiro, que non se levara este tema a comisión, o outro era de xuño e este de setembro con máis razón.
 - Contesta o alcalde:
- Que antes de vir o pleno deberían falar máis cos técnicos, que vaian onde a técnica de emprego xa que o obradoiro ten que estar funcionando o 15 de outubro.

Intervén a Sra. Lopez Sobrado (do BNG) para indicar:

- Que non lle parece sería a resposta do alcalde, porque se esta traendo a aprobación dun convenio para un obradoiro onde esta toda a tramitación que había que facer despois de aprobarse o convenio, previamente feita. Quere que se pronuncie a secretaria sobre se isto é o correcto.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- Se pasa o pleno polo arco do triunfo (quere que conste en acta), e se esta vai ser a maneira de proceder para o futuro, consideran que se poden dar cuestións de inseguridade xurídica sobre todo para as persoas destinatarias deste obradoiro.
- Isto e chamativo e a respostado alcalde tamen, xa que están aqui para pedirlle contas o goberno municipal, non teñen que pedirlle contas a ningún traballador/a deste concello, que o alcalde faga o favor de contestar cun pouco mais de decoro.

Contesta o alcalde que unha cousa é pedir contas e outra cousa é dar explicacións, os cartos están xustificadas, e dille que vaia onde a tecnica de emprego, en Santiso están facendo o mesmo e quen goberna e do BNG, e vimonos obrigados a facer así as cousas, no taboleiro de anuncios foi colocado ao mesmo tempo nos tres concellos

Indica Lucia Lopez Sobrado, que ela non ten que pedir explicacións a ningun traballador do concello senon o goberno

O alcalde dille;

que vai onda a tecnica de emprego para que lle dea a información e que o día 15 de outubro a Xunta obriga a ter comenzado este obradoiro, e senón quedamos sen el, e se quedamos sen el tamén terian que dicir.

-Que levan 3 meses cun procedemento de contratación de auxiliar administrativo, o que non pode a Xunta de dar o prazo que da para facer todo o que respecta a un obradoiro, pero iso pasa en Arzúa e en todos os concellos onde se fan obradoiros.

A secretaria toma a palabra para facer constar:

-Que hai un erro nas bases do obradoiro da Xunta de Galicia, porque din se é necesario no seu caso, e este tipo de convenios que levan estas encomendas de xestión que requiren unha maioría absoluta son necesarios en todo caso.

- No momento que conceden a subvención, non dan prorroga, saen as bases antes do convenio, o convenio é necesario porque no momento en que se xeren gastos temos que ter a relación cos outros concellos pactada.

- Cre que é un erro que eses convenios non estean xa tramitados antes do outorgamento da



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

subvención, porque os prazos que da a Xunta son inviables, o convenio a efectos do expediente y se empece a xerar gasto cando estean contratados eses alumnos ten que estar.

Manifesta a concelleira do BNG que está claro que a actuación non é correcta .

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación esta proposta, e por unanimidade con 5 votos a favor dos concelleiros/as AxA , 1 concelleira do PsdG-PSOE, 2 dos concelleiros /as do BNG, 3 dos concelleiros/as PP e 1 do concelleiro de CxG , o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar Convenio de colaboración anexo o presente acordo que regula encomenda de xestión ó concello de Arzúa e réxime xurídico da colaboración para execución polos Concellos de Arzúa (promotor) Boimorto e Santiso do Obradoiro Dual de emprego subvencionado .pola Xunta de Galicia para anualidades 2021/2022 o amparo da Orde de 31 de decembro (DOG 3/2/2021 nº 22) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa indicada no mesmo.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo remítase os concellos de Boimorto e Santiso así como a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA- BOIMORTO-SANTISO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 2021/2022

En Arzúa, a de de 2021

Dunha parte, o Concello de Arzúa con CIF P1500600J, e no seu nome e representación D. Jose



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Luís García López, con DNI 33268864P, en calidade de alcalde-presidente.

Doutra parte, o Concello de Santiso con CIF P1508000E, e no seu nome e representación D. Manuel Adán López, con DNI 33291718T, en calidade de alcalde-presidente.

Doutra parte, o Concello de Boimorto, con CIF P1501000B, e no seu nome e representación Dna. María Jesús Novo Gómez, con DNI 44814623C, en calidade de alcaldesa-presidenta.

EXPOÑEN

«Visto que os obradoiros de emprego concíbense como programas de carácter temporal, mixtos de formación e emprego, enmarcados nas políticas activas de emprego, dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de 18 anos ou máis anos, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, co obxectivo final de favorecer a inserción laboral das persoas participantes.

Sendo necesaria unha regulación da encomenda de xestión e relacións de colaboración entre o CONCELLO DE ARZÚA, CONCELLO DE SANTISO e CONCELLO DE BOIMORTO, coa única finalidade de execución do PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO, que é subvencionado pola Consellería de emprego e igualdade ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 20214 (DOG nº 22 do 3/02/2021)

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no mesmo artigo. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. Nas seguintes materias:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- - e) Evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias;

p) La participación en la formación de activos y desempleados.

E fundamento normativo deste convenio para exercicio de competencias en promoción de emprego o artigo 3.3d) da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración local que sinala :

Artículo 3 Competencias de las entidades locales distintas de las propias y de las atribuidas por delegación

3. En particular, no se entenderá como exercicio de novas competencias

- d) La concurrencia a convocatorias de subvenciones o ayudas, así como la formalización de convenios de colaboración de concesión de subvenciones, para que las entidades locales realicen con carácter coyuntural actividades de información, de asesoramiento, de orientación, de mejora de la empleabilidad y formativas, y otras actividades que no supongan la creación de nuevos servicios municipales de acuerdo con el [artículo 297 de la Ley 5/1997](#). Tampoco se entenderá como exercicio de novas competencias la realización de las actividades citadas una vez obtenida la subvención.

Segundo.-

A lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público fai unha regulación da encomenda de xestión no seu artigo 11 e da cooperación entre administracións públicas nos artigos 143 e seguintes indicando o artigo 144.2 :

2. En los convenios y acuerdos en los que se formalice la cooperación se preverán las condiciones y compromisos que asumen las partes que los suscriben.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

E regula esta mesma lei os convenios nos artigos 47 e seguintes réxime xurídico aplicable á tramitación vixencia e aplicación deste convenio.

A lei 7/1985 de 2 de abril indica no seu artigo 10:

1. La Administración local y las demás Administraciones públicas ajustarán sus relaciones recíprocas a los deberes de información mutua, colaboración, coordinación y respeto a los ámbitos

O artigo 195. H) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, dispón que a colaboración e cooperación poderase levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

O artigo 198 da Lei 5/1197, de administración local de Galicia, establecen entre outros aspectos que as entidades locais poden celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. A través destes convenios, as entidades locais poden executar puntualmente obras ou servizos de competencia dunha parte, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, deben impulsarse medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e potenciar sempre que resulte posible a xestión compartida das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, en canto á súa posta en funcionamento e en canto a súa xestión, o que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Ante o incremento do desemprego e crise derivada da Pandemia COVID a colaboración entre administacións locais proposta neste Convenio para actuación do Obradoiro dual de emprego financiado pola Xunta de Galicia o amparo da Orde do 31 de decembro de 2020 que establece bases de axudas para obradoiros duais de emprego desta CCAA DOG 22 de 3/2/2021, é clave



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

para atender a ditas necesidades de formación e promoción de emprego así como atención a especiais situacións de exclusión social.

Cuarto.- Sendo necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños e veciñas, sendo preciso neste momento de acentuada crise polos efectos da pandemia, realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, para paliar as nefastas consecuencias sociais derivadas da COVID 2019 tendo en conta que os obradoiros de emprego son programas de carácter temporal, mixtos de formación e emprego, enmarcados nas políticas activas de emprego, dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de 18 anos ou máis anos, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, co obxectivo final de favorecer a inserción laboral das persoas participantes

Quinto.- Neste sentido, compre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan que o impacto da crise sexa menor e se promova o emprego e formación nos seus termos municipais .

Sexto.- Tanto a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, como a Lei 5/1997, de administración local de Galicia como a Lei 40/2015 de 15 de outubro de réxime xurídico do sector público recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración inter-administrativa.

Sétimo.- Para a execución da subvención outorgada (reoslución anexo 1 o presente convenio) formalizase este convenio, baixo a modalidade de agrupación de concellos, beneficiarios da subvención regulando os compromisos asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, . Será Concello promotor o Concello de Arzúa que actuará como representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención.

Oitavo.- Por todo o anterior, os concellos asinantes ACORDAN mediante o presente convenio intrumentar unha encomenda de xestión e colaboración no PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO baixo as seguintes cláusulas



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

CLAÚSULAS

Primeiro.- OBXECTO

Regulación de colaboración entre o CONCELLO DE ARZÚA, CONCELLO DE SANTISO e CONCELLO DE BOIMORTO, e encomenda de xestión ó Concello de Arzúa coa única finalidade de realizar o DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 20214 (DOG nº 22 do 3/02/2021)

Os concellos integrantes asumen o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención que se outorgue ao abeiro de dito convenio así como solidariedade no caso de reintegro de subvención , gastos non previstos .. na proporción establecida nas seguintes cláusulas .

Segunda.- ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS

O ámbito territorial abrangue os respectivos termos municipais de ARZÚA, SANTISO e BOIMORTO para a posta en funcionamento dun obradoiro dual de emprego da seguinte especialidade formativa:

ESPECIALIDADE: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría.

CÓDIGO: AGAO0108

DURACIÓN: 9 meses

Nº ALUMNOS-TRABALLADORES: 20

No procedemento de selección e contratación das persoas que forma parte do proxecto participarán de forma conxunta os tres concellos.

Terceira.- DESIGNACIÓN DO CONCELLO PROMOTOR

Desígnase ao Concello de ARZÚA como Concello promotor e xestor das tramitacións necesarias relacionadas coa solicitude de subvención encomendando a xestión do Obradoiro e realización de todas as actuacións indicadas na orde reguladora da subvención.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Esta designación suporá a asunción por parte do Concello de Arzúa das tramitacións administrativas seguintes:

- Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante a Consellería de Emprego e Igualdade .
- Xustificación posterior do proxecto DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO

Os Concellos implicados neste convenio seguen conservando as súas competencias de conformidade coa lexislación vixente e, facultan ao Concello de Arzúa para a realización das actuacións previstas neste convenio que se teñen que realizar en nome e representación dos tres entes municipais implicados e expostos nesta cláusula.

Cuarta.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE ARZÚA COMO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN E COMO ENTIDADE PARTICIPANTE

Coa sinatura do presente Convenio de colaboración o Concello de Arzúa asumirá os compromisos seguinte:

6. O Concello de Arzúa será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida relacionados coa tramitación e seguimento de expediente de subvención ante a Consellería de Emprego e Igualdade e xustificación posterior do proxecto de actuación.
7. Facúltase á Alcaldía de Arzúa para que represente aos concellos integrantes da agrupación tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación da actuación prevista.
8. Asumir todas as condicións e prescricións contidas na resolución de concesión da subvención..
9. Así mesmo, o Concello de Arzúa, comprométese a facilitar, se é o caso, aos Concellos de Boimorto e Santiso, cando así o solicite, toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se estea a tramitar como representante da agrupación.
10. O Concello de Arzúa asume, conxuntamente cos Concellos de Santiso e Boimorto, a participación no grupo de traballo mixto do procedemento de selección e contratación das



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

persoas que formarán parte do proxecto subvencionado. Os gastos salariais e de seguridade social derivados da contratación das persoas participantes do proxecto serán asumidos polo Concello de Arzúa con cargo á subvención outorgada e á aportación solidaria de cada un dos concellos ao proxecto.

Quinta.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLOS CONCELLOS DE SANTISO E BOIMORTO.

Coa sinatura do presente Convenio os Concellos de Santiso e Boimorto asumirán os seguintes compromisos:

4. Con respecto á tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención, facilitará toda a documentación esixida na normativa reguladora da subvención e adoptará os acordos que sexan necesarios para garantir que o Concello de Arzúa poida xustificar e tramitar a subvención en nome dos entes municipais implicados.
5. Asumir todas as condicións e prescricións da normativa que instrumenta a subvención.
6. Os Concellos de Santiso e Boimorto obríganse ao pagamento ao Concello de Arzúa ao 33.33% cada un, da parte non financiada pola Consellería de Emprego e Igualdade , de tal xeito que os tres concellos asumen o gasto non subvencionado a partes iguais dotando nos seus orzamentos para o exercicio 2021 e 2022 os créditos para as aportacións que corresponda realizar vistas as programacións das actividades subvencionadas a realizar . (ver Anexo 2 memoria económica gastos)

Sexta.- APORTACIÓN MUNICIPAIS AO PROXECTO

O concello de Arzúa, Santiso e Boimorto deberán financiar a parte non subvencionada pola Consellería de Emprego Anexo 3 aportando de maneira individual e con cargo aos fondos propios dos seus respectivos orzamentos, a cantidade correspondente ao 33.33% da parte non subvencionada.

As achegas municipais financiaranse, como xa se expuxo, con fondos propios.

Sétima.- RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO

O Concello de Arzúa, como entidade xestora promotora , asumirá a totalidade dos gastos derivados do proxecto OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

que sexan realizados.

Os concellos de Santiso e Boimorto rocederán a atransferir os importes que deriven da súa aportación o Concello de Arzúa directamene , previa xustificación polo director/a do obradoiro dos gastos realziados non financiados pola Consellería de Emprego e Igualdade na proporción indicada na cláusula quinta.

A subvención ou a axuda concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade para o proxecto subvencionado será ingresada na súa totalidade ao Concello de Arzúa.

Oitava.- INNECESARIEDADE DUNHA ORGANIZACIÓN PARA A XESTIÓN

A xestión das obrigas deste convenio non require a creación dunha organización de carácter xurídico para a súa xestión .

Nas bases reguladoras de selección do alumnado , administrativo, director e profesores si se regulará a composición dun grupo de traballo responsable da selección .

Novena.- INTEPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto respetando o establecido nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

En todo aquilo non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente ao convenio regulador da subvención.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas substancianse na orde xurisdiccional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio as indicadas no artigo 41 da Lei 40/2015 de 15 de outubro e concretamente :

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si mesma é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Décima.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor dende o días seguinte o da súa sinatura estando vixente durante o prazo establecido nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así o outorgan en data das sinaturas, subscribindo o presente convenio.

O alcalde de Arzúa: Jose Luís García López

A alcaldesa de Boimorto: María Jesús Novo Gómez

O alcalde de Santiso: Manuel Adán López

ANEXO 1 CONCESIÓN SUBVENCIÓN

Examinada a solicitude achegada o **03-03-2021**, por don **José Luís García López**, en nome e representación da entidade **Concello de Arzúa** (NIF núm. **P1500600J**) xunto co **Concello de Santiso e o Concello de Boimorto**, coa finalidade de obter unha subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "**OBRADOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO**" emítese esta resolución tendo en conta os seguintes

Primeiro.

Con data do **03-03-2021**, e dentro do prazo establecido para este efecto, don José Luís García López, en nome e representación da entidade **Concello de Arzúa** achega unha solicitude de subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "**OBRADOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO**". Xunto coa devandita solicitude, achégase a documentación esixida para os proxectos de obradoiro de emprego pola Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (*DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021*)



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Segundo.

O día 2 de xullo do 2021 tivo lugar a sesión da Comisión Central de Valoración que avalía as solicitudes de subvencións para a posta en funcionamento de proxectos de obradoiros duais de emprego, segundo o establecido no artigo 23 da antedita orde.

Terceiro.

Con data do 26 de agosto de 2021, o Servizo de Formación e Colocación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade na Coruña, emitiu a correspondente proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 26 da referida orde.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.

A competencia para ditar a presente resolución vén dada polo disposto no artigo 26 en relación coa disposición adicional segunda da Orde do 31 de decembro 2020 xa referida.

Segundo.

Na tramitación do procedemento seguíronse as prescricións establecidas pola normativa que a continuación se relaciona:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2009).

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003).
- Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (*DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021*).

Terceiro.

A entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos pola citada Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 31 de decembro de 2020.

Cuarto.

Tendo en consideración os criterios de valoración previstos no artigo 24 da referida orde, a documentación que integra o expediente, a tipoloxía e características do proxecto examinado así como a puntuación e o contido do informe técnico emitido pola respectiva xefa territorial, xunto coas disponibilidades orzamentarias e a súa distribución territorial, outorgouse ao proxecto examinado unha puntuación de **21,00** puntos, polo que a Comisión Central de Valoración informou favorablemente a concesión á devandita entidade dunha subvención polo importe de **trescentos corenta e seis mil novecentos corenta e seis euros (346.946,00 euros)** coa referida finalidade, para **20** alumnos/as-traballadores/as, e cunha duración de **9** meses e **3.000,00** euros para **2** incentivos á contratación. Á vista do anterior, o Servizo de Formación e Colocación desta xefatura territorial emitiu a proposta de resolución favorable á concesión da referida subvención.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta xefa territorial,

RESOLVE:

Primeiro.- Outorgar unha subvención ao **Concello de Arzúa**, polo importe de **trescentos corenta e seis mil novecentos corenta e seis euros (346.946,00 euros)**, con cargo ao orzamento da Consellería de Emprego e Igualdade para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do **obradoiro dual de emprego** denominado "**OBRADOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-**

SANTISO" para **20** alumnos/as traballadores/as, distribuídos nas especialidades formativas segundo o detalle que figura no anexo a esta resolución.

Así mesmo concédeselle **3.000,00 euros** para **2** incentivos á contratación laboral segundo figura no anexo a esta resolución.

Segundo.- Autorizar como obxectos de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto:

- 1.- Actuación na área recreativa de Ribadiso (Arzúa)
- 2.- Actuación en Ángeles (Boimorto)
- 3.- Actuación en Cheda (Boimorto)
- 4.- Actuación en Lagoa Baluca (Boimorto)
- 5.- Actuación en invernadoiro (Boimorto)
- 6.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Rairiz (Santiso)
- 7.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Agro do Chao (Santiso)
- 8.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en A Cornella (Santiso)
- 9.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Visantoña. (Santiso)
- 10.- Colocación de paneis de ocultación de contenedores (Santiso)

Terceiro.- Esta resolución non exime á entidade beneficiaria desta subvención de obter as autorizacións administrativas que resulten necesarias para a execución das obras obxecto de actuación.

Cuarto.- Declarar que o importe da subvención ten o carácter de estimado, e as cantidades efectivas a aboar na fase do proxecto, estará en función da contía do salario mínimo interprofesional e das cotas patronais á Seguridade Social, vixentes cada ano, así como do número de alumnos/as-traballadores/as que participen no proxecto.

Quinto.- O aboamento das cantidades a subvencionar nos seguintes exercicios orzamentarios queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia nos respectivos exercicios.

Sexto.- Notifíquese este acto ao/á solicitante, informándolle que:

a) Para os efectos de difusión pública, e seguindo as previsións contidas na normativa aplicable, deberá identificar convenientemente as



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

actividades, obras e servizos que desenvolva o proxecto subvencionado, especialmente a través de publicidade estática realizada por medio de vallas, carteis ou paneis que, colocados en lugar visible.

b) Queda sometida ao cumprimento das obrigas establecidas pola regulamentación antes citada e pola normativa de seguridade e saúde no traballo, ás actuacións de comprobación e control previstas na lexislación de réxime financeiro e orzamentario en relación coa subvención concedida, e ás que poida efectuar a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

c) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada perante o órgano xurisdiccional competente da orde contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con anterioridade á interposición do devandito recurso contencioso-administrativo, poderá interpor potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou este acto administrativo de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todo o anterior é sen prexuízo de que poida facer uso do requirimento previo ao que alude o artigo 44 da dita Lei 29/1998 ou de interpoñer aqueles outros recursos que estime oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses.

A xefa territorial

Judit Fontela Baró

ANEXO 2 DATOS ECONÓMICOS

ANEXO Á RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Núm. de expediente²: **15/0026/2021**

Denominación do obradoiro de emprego: **"OBRADOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO"**

Entidade promotora: (3): **Concello de Arzúa** (NIF núm. **P1500600J**) xunto co **Concello de Santiso e o Concello de Boimorto**.

Aplicación orzamentaria: **11.05.322A.460.2 e 11.05.322A.460.1**

1.- Subvención concedida: **trescentos corenta e seis mil novecentos corenta e seis euros (346.946,00 euros)**.

1.1.-Subvención por anualidades:

Anualidade	Importe
2021	138.778,40 €
2022	208.167,60 €

1.2.- Subvención para gastos de formación e funcionamento:

Datas previstas		Núm. alumnos/as-traballadores	Núm. horas	Importe módulo A	Importe módulo B	Total
Inicio	Remate					
10-2021	14-07-2022	20	1440	98.496,00 €	27.072,00 €	125.568,00 €

1.3.- Subvención para gastos salariais de alumnos/as-traballadores/as participantes:

Núm.contratos	Total subvención
20	221.378,00 €

1.4. Subvención, se é o caso, para incentivos á contratación laboral:

Datas previstas		Número contratos	Importe subvención
Inicio	Remate		
29-07-2022	28-10-2022	2	3.000,00 €

2.- Número de alumnos/as-traballadores/as especialidades:

Código	Especialidade	Núm. Alumnos/as-traballadores/as
AGAO0108	ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDINS E CENTROS DE XARDINARIA	20
		20

3.- Outras condicións:

XUNTA DE GALICIA ANEXO III
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E SUSTENTABLE
(Contribución)

3. PLAN DE FORMACIÓN (continuación)
3.1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
ACCIÓN TERCIARIA SUBVENCIONADA (euros)
ADHEIRIR DOCUMENTO ANEXO 34

6. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

6.1. DETALLADO DE GASTOS DO ORZAMENTO DE ALIENOS DE EMPRESAS

CONCEPTO	IMPORTE
A) Contribucións persoal directivo, docente e de apoio	
Salarios e salarios	
Recepción	16224,87
Personal docente	30160,54
Personal administrativo	14967,81
Outros	11024,24
TOTAL	78377,46
Cota persoal Seguridade Social:	
DIRIGIDA	5034,12
Personal docente	9074,14
Personal administrativo	4106,13
Outros	6844,4
TOTAL	25058,80
TOTAL A)	103436,26
B) Contribucións a persoal laboral base de datos	
Salarios e salarios	
	119920
Cota persoal Seguridade Social:	
	21479
TOTAL B)	241399
C) Costas de funcionamento e materiais	
Medios de transporte	5617
Materiais de consumo formación	11008
Materiais de oficina	2900
Gastos varios (comunicación, transportes, etc.)	7615,31
Amortizacións (*)	0
Póliza de responsabilidade (IRL)	1301,30
Outros	17146,02
TOTAL C)	42499,63
TOTAL XERAL	309935,12

(*) Para efectos de cálculo de amortización débense aplicar o artigo 5.1.

6.2. IMPORTE DOS RECURSOS A CONTRIBUCIÓN SOLICITADA

IMPORTE UNITARIO	NÚMERO DE INCIDENTOS	IMPORTE TOTAL
1.000		

Informes calculos gastos de persoal expediente TEDEC
2021/T002/000011 informe tésourería asinado 21/9/2021

RESUMO CUSTOS E FINANCIACIÓN POR ANUALIDADES

	ANUALIDADE 2021 (DO 15/10/21 O 31/12/21)			ANUALIDADE 2022 (DO 01/01/22 O 31/12/22)			RESUMO POR ANUALIDADES		
	COSTOS	FINANCIACIÓN	IMPORTE CONCELLO	COSTOS	FINANCIACIÓN	IMPORTE CONCELLO	COSTOS	FINANCIACIÓN	IMPORTE CONCELLO
PERSONAL DOENTE	28.047,38	27.300,00	1.587,38	76.888,82	71.120,00	4.732,81	104.936,20	98.420,00	1.881,81
ALUMNOS	67.787,17	67.794,14	0,00	160.576,00	160.576,00	0,00	232.723,37	232.723,37	4.722,81
TOTAL	95.834,55	95.094,14	1.587,38	237.464,82	231.696,00	4.732,81	337.659,57	331.143,37	6.604,62

RESUMO FINANCIACIÓN POR MODULOS E ANUALIDADES

MODULO	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022	TOTAL
A. PERSONAL	27.300,00	71.120,00	98.420,00
B. ALUMNOS	67.794,14	160.576,00	228.370,14
TOTAL	95.094,14	231.696,00	326.790,14

As 10:31 horas non hai máis asuntos que tratar.O Alcalde solicita a colaboración do concelleiro Rafael Rivadulla para que medie na Xunta para conseguir prórroga na obra de Ribadiso .

Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

<p>O alcalde, José Luis García López</p>	<p>A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez</p>
--	---